

DESENVOLVEMENTO E GASTOS MILITARES: APROXIMACIÓN Á POLÍTICA ECONÓMICA DA DEFESA

MARÍA LÓPEZ SALGADO

Alumna

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 9 novembro 1995

Aceptado: 10 xullo 1996

Resumo: Este artigo consta de dúas partes: na primeira analízase a problemática dos gastos militares no ámbito internacional, centrándonos nas implicacións económicas e distinguindo entre países desenvolvidos e países non-industrializados; na segunda parte preténdese dar unha visión xeral da situación actual das empresas de defensa, clarificando as causas da súa crise e as posibles solucións de cara ó futuro. Ámbolos dous temas presentan fortes interrelacións e son dun grande interese para a análise tanto de calquera economía nacional como das relacións político-económicas supranacionais. No bloque dedicado ós gastos militares dáse non só a visión histórica da súa evolución, senón tamén unha panorámica sobre a extensión da súa influencia en infinitude de aspectos económicos, políticos e sociais. En canto ó tratamento da producción militar abordamos basicamente dúas cuestiós; por un lado, a descripción actual da empresa de defensa e das características da súa actividade e, polo outro, o tema da súa reconversión como única alternativa para a súa supervivencia no mercado futuro.

Palabras Clave: Gastos militares; Empresas de defensa; Converxencia tecnolóxica; Sobreproducción militar; Reconversión.

DEVELOPMENT AND MILITARY EXPENDITURES: AN APPROACH TO THE ECONOMIC POLICY OF DEFENCE

Summary: This paper has two parts: In the first one the issue of military expenditure at international level is analysed by focusing on the economic implications and distinguishing between developed and underdeveloped countries; in the second part it is aimed at giving an overview of the current situation of defence enterprises pointing out the causes of their crisis and the possible solutions envisaged for the future. Both issues show strong interrelations and a great interest when analysing either any national economy or the supranational political and economical relationships. In the section devoted to military expenditures it is discussed both their historical evolution and their influence on a great number of social, political and economical aspects. As far as military production is concerned two questions are basically approached, on one hand the current description of a defence enterprise and the characteristics of its activity and, on the other, the issue of its restructuring as the only option for its survival in a future market.

Keywords: Military expenditure; Defence enterprises; Technological convergence; Military overproduction; Restructuring.

INTRODUCCIÓN

O estudio da economía actual non pode analizarse rigorosamente sen consideralo conglomerado de actividades militares como un elemento transcendental e implícito na propia dinámica económica dos nosos días. Este requisito obriga ó

economista eficiente a desempeña-lo seu labor dende unha perspectiva multidimensional que mellore a comprensión desta ciencia social. Este é o obxectivo do presente artigo que, sen perderse na análise polo miúdo de todos e cada un dos aspectos da economía militar, nos introduce nun campo de estudio tradicionalmente esquecido pola maioría dos economistas do noso tempo.

IMPLICACIÓNES ECONÓMICAS DA ACTIVIDADE MILITAR

O desenvolvemento de actividades militares é, sen dúbida, un dos exercicios que condiciona máis directamente e con maior impacto non só a política económica dun país, que é na que centrarémo-la nosa análise, senón gran parte das decisións dos distintos gobernos.

A posta en práctica das diversas políticas de defensa inflúe inevitablemente sobre conceptos tan importantes como son o investimento, o emprego, a tecnoloxía e, incluso, a agricultura. Non é esaxerado dicir que, en moitos casos concretos, a situación económica que sufrieron ou que atravesan na actualidade determinadas zonas se explica en gran medida pola tendencia dos seus gastos militares¹.

Trátase, pois, dun campo de estudio no que os economistas deberan implicarse profesionalmente aínda que, na realidade, non foi así, sendo escasos os autores que estudiaron a economía dende a perspectiva analítica. Non obstante, existen dúas correntes de opinión enfrentadas á hora de interpretar as implicacións económicas da actividade militar.

Emile Benoit é un fiel representante de quen defenden o incremento do gasto militar como un elemento impulsor do crecemento económico nos países en desenvolvemento². As conclusións dos seus estudos non negan a existencia de efectos perversos sobre a economía derivados da desviación de recursos cara á esfera militar, pero sublíñanse as vantaxes desa desviación. Deste modo, o feito de que o sector civil se nutra de determinados *inputs* xerados na industria militar ou que os programas de defensa teñan capacidade para desenvolver infraestructuras de dobre uso, son considerados como puntos clave na defensa do mantemento ou elevación dun determinado volume de gastos militares³. Benoit resolve a súa investigación afirmando a existencia dunha relación positiva entre crecemento económico e

¹ Durante a década dos oitenta a adopción dunha inflexible política de bloques, co conseguinte e continuado aumento dos gastos militares, terminou arruinando as bases financeiras e reais dos países más implicados no enfrentamento (Francia, o Reino Unido, Estados Unidos e a URSS). Por exemplo, para o caso de EE.UU. comprobamos unha sorprendente distribución do orzamento federal para o ano 1989 no que a defensa nacional representaba o 31% do total do gasto orzamentado, fronte ó 3% destinado a educación, formación e emprego. Estes datos poden comprobarse en Samuelson (1990, pp. 904-932).

² Se se desexa afondar nas teorías de Emile Benoit pode consultarse o seu traballo publicado en xaneiro de 1978.

³ Facemos referencia ó concepto de infraestructuras de "dobre uso" entendendo como tales aquelas que son susceptibles de ser utilizadas tanto no campo militar como no civil sen necesidade de ser obxecto de grandes transformacións.

gastos en defensa, de forma que un maior volume de gasto se correspondería cun maior ritmo de crecemento da economía⁴.

Guiándonos por unha análise simplista dos conceptos, poderíamos chegar a aceptar como certo o signo positivo desta correlación. Abondaría, en todo caso, con segui-la liña argumental referida a continuación: se o crecemento económico é expansión do PNB e o gasto público é un compoñente fundamental desa producción nacional, un incremento no gasto público (no noso caso, unha elevación do nivel de gasto militar) implicaría un incremento no PNB e, polo tanto, impulsaría-se o crecemento económico.

Sen embargo, calquera iniciado na economía observará de inmediato o erro que anula a validez deste razonamento. Esta explicación únicamente sería aceptable no suposto de que o resto dos compoñentes do PNB permanecesen constantes ante as variacións nese gasto. A realidade afástase desta posibilidade teórica. Na práctica, os compoñentes do PNB non son independentes os uns dos outros, senón que están relacionados de tal forma que, no noso exemplo, un incremento do gasto público non leva necesariamente a un incremento do producto; dependerá en todo caso da reacción do resto das variables. Cabe a posibilidade de que o aumento do gasto público leve á expulsión de gasto privado tanto de consumo como de investimento. Tendo isto en conta, a tese dunha relación inevitablemente positiva entre crecemento económico e gastos en defensa perde todo soporte teórico.

En clara oposición ás teses de Emile Benoit atópanse autores como David Whynes e Saadet Deger. Ámbolos dous fan fincapé nas terribles consecuencias que ten para a economía dun país o mantemento de elevados niveis de gasto nas súas partidas destinadas á defensa nacional.

Un dos puntos clave de encontro entre Whynes e Deger está situado no capítulo dedicado ó investimento, máis concretamente nos efectos producidos por unha elevación dos gastos militares sobre o nivel de investimento de calquera economía moderna. A idea central nas súas exposicións teóricas é a crenza de que os gastos en defensa frean o crecemento económico posto que reducen os recursos disponibles para investir. Se unha parte importante do gasto público está asignada ó sector militar, o resto dos destinos civís dese gasto resentiranse desa distribución dos recursos e non debemos esquecer que un deses destinos é o motor indiscutible do crecemento económico a longo prazo; é evidente que falamos do investimento. Na mesma liña de pensamento Saadet Deger afirma que os fluxos de fondos investibles vense reducidos por unha diminución na taxa de aforro, diminución ocasionada polo investimento e sen investimento non hai crecemento económico.

Ó noso xuízo, as interrelacións comprobadas por estes dous analistas demostran que a competencia entre sector civil e militar na asignación dos recursos non é en

⁴ A este respecto convén lembralo que entendemos formalmente por crecemento económico o que Samuelson (1990, pp. 987-1.009) define como a expansión do PNB potencial dun país ou, o que é o mesmo, o incremento do nivel máximo de producción alcanzable e sostible nun país.

modo ningún unha boa receita para alcanza-lo tan desexado progreso económico⁵. Por outra parte, o investimento non é o único factor que sofre os efectos negativos provocados pola dilapidación militar. O propio Benoit asumiou no seu momento a realidade de que o sector público e, en particular, o sector de defensa non son capaces de obter niveis elevados de productividade; ou que o sector civil está sometido a unha reducción no seu volume de *output* derivada do desvío de medios cara ó sector defensivo. Incluso a agricultura, que podería considerarse en principio afastada da problemática da defensa, vese afectada, en maior ou menor medida, pola evolución da actividade militar dependendo da superficie de terra que esta requira⁶.

A lista dos aspectos sobre os que inflúe o mundo militar pode prolongarse por moitos camiños que non abordaremos xa que imos obedecela regra de brevidade imposta polo propio estilo deste tipo de escritos. Non obstante, non se pode tratar este complexo asunto sen facer cando menos unha breve mención a dúas das implicacións máis controvertidas que os gastos militares teñen sobre a realidade dun país: a tecnoloxía e os postos de traballo.

Durante moitos anos a conexión entre tecnoloxía militar e tecnoloxía civil foi un feito certo avalado empíricamente pola existencia da enerxía atómica, dos ordenadores, dos circuitos integrados ou dos microprocesadores. Esta triunfadora transferencia de innovacións militares ó terreo civil constitúe o que se denomina os efectos *spin-off*. Este tipo de efectos inclúen unha ampla gama de elementos transferibles que van dende técnicas administrativas e sistemas de xestión ata produtos concretos ou simple información.

Sen embargo, a influencia dos avances tecnolóxicos desenvolvidos no seo da actividade militar sobre a evolución da tecnoloxía civil é algo ancorado no pasado. Simultaneamente á progresiva especialización dos equipos e técnicas militares, foise incrementando a dificultade para compatibilizar avances nos dous sectores e, dadas as circunstancias, non existen indicios de que esta tendencia vaia modificar-se no futuro. É máis, na nosa opinión, esa especialización anulará completamente as posibilidades de relación proveitosa entrámbalas dúas tecnoloxías⁷.

Por último, en canto ó gasto militar e ós postos de traballo inherentes a este cabe dicir que, o mesmo ca no caso anterior, a relación entrámbalas dúas variables é innegable posto que a práctica da actividade militar necesita unha determinada cantidade de factor traballo. Agora ben, ese vínculo maniféstase cunha localiza-

⁵ Para maior información respecto das teses contrarias a Emile Benoit pode recorrerse a D.K. Whynes (1979).

⁶ A este respecto, os problemas más importantes son, entre outros, a erosión provocada polo uso de grandes vehículos blindados en zonas de manobras, o abandono de munición sen estourar ou a aparición de grandes zonas esnaquizadas pola acción da artillería que permanecerán improductivas durante anos.

⁷ Algúns autores son moi contundentes en relación con esa suposta relación proveitosa entrámbalas dúas tecnoloxías hoxe en día. Na obra de Kaldor (1986, p. 23) podemos ler frases como a seguinte: "...el sistema de armas parece haberse extralimitado al perfeccionarse, de acuerdo con las directrices de usuarios y productores. Se ha hecho grande, costoso, complejo y cada vez menos funcional."

ción xeográfica e sectorial extremadamente concreta. Para certas rexións e empresas unha reducción do volume de gasto militar tería como consecuencia inevitable a curto prazo un importante incremento no número de persoas desempregadas (este tema tratarase con maior profundidade no apartado destinado ás posibilidades de reconversión das industrias militares e as súas consecuencias sobre as cifras de paro), pero isto non significa de ningún modo que os programas militares creen máis emprego ca outro tipo de programas tales como os educativos ou sanitarios. Nesta liña leváronse a cabo diversos estudos para comparar e cuantifica-la creación de postos de traballo resultado, por un lado, de programas militares e, por outro, de programas civís. Lembremos por exemplo o estudio realizado polo *Public Interest Research Group* de Michigan para o caso estadounidense no que se afirma que un gasto público de mil millóns de dólares no sector militar crearía uns 58.000 postos de traballo, mentres que ese mesmo gasto dirixido cara ó sector educativo permitiría contar con 145.000 novos empregos (PIRGIM, 1974).

Outra investigación acerca do efecto de xeración de emprego foi realizada con respecto á construción do bombardeiro B-1. Este programa militar produciría a creación de aproximadamente 58.000 postos, pero se os recursos se destinaran a programas educativos ou de seguridade social conseguiríanse 118.000 e 108.000 novos postos, respectivamente (Adams, 1976).

Á vista destes estudos, ben tomindo as cifras como expresamente certas ou aceptando unha certa flexibilidade na cuantificación dos datos, cabería facerse a seguinte pregunta: ¿pode afirmarse de forma categórica que a relación existente entre gasto militar e postos de traballo representa unha vantaxe para o desenvolvemento económico? A resposta é un rotundo "non", posto que se obterían beneficios moito maiores se os recursos se empregasen en programas civís que melloraran as condicións improductivas de cara ó futuro. Potenciando a educación, por exemplo, incrementaríase a cualificación profesional dos traballadores, o que favorecería, á súa vez, un mellor funcionamento das empresas.

En resumo, parécenos necesaria unha seria reflexión que nos leve a atopar ese equilibrio non alcanzado áfina entre o desenvolvemento económico e un nivel de gasto militar adecuado ás necesidades defensivas de calquera país.

OS GASTOS MILITARES

INTRODUCCIÓN

No tratamento dun tema como o que nos ocupa non se pode omitir unha referencia á cuantificación dos datos, xa que é aquí onde se atopa a mellor proba empírica do desequilibrio ó que se aludía no apartado anterior. Agora ben, debemos deixar claro dende un principio que a información estatística varía sensiblemente dependendo da fonte, polo que é sempre susceptible de ser obxecto dun lexítimo escepticismo que obriga a interpretala con certa cautela. Tendo en conta estas pre-

cauciones podemos emplegar este tipo de información para estudiarlo comportamiento ó que tienden las variables que nos interesan.

Comprende-la evolución dos gastos militares ó longo dos anos é sempre unha tarefa difícil que se converte en imposible se non se ten en conta o contexto histórico no que se desenvolve. As circunstancias políticas, económicas e sociais determinaron as variacións no volume deses gastos dende o seu nacemento ata os nosos días. Neste apartado distinguimos entre países desenvolvidos e países subdesenvolvidos, debido a que as particularidades de cada grupo dirixiron os seus respectivos gastos en defensa por caminos moi diferenciados que trataremos de delimitar.

UNHA PERSPECTIVA HISTÓRICA

As desproporcionadas dimensións dos aparatos militares, tal e como os coñecemos actualmente, son consecuencia dunha continua e progresiva elevación dos gastos militares globais e remóntase a súa orixe, os anos trinta, momento no que as partidas orzamentarias destinadas á defensa dun gran número de países, sobre todo de países europeos, comezan a incrementarse debido á tensión creada pola política hitleriana.

Co inicio da II Guerra Mundial en 1939 prodúcese un brusco impacto nas economías de todos los países implicados, que se ven obrigados a reordenar as súas prioridades orzamentarias co fin de adecuárlas ás novas necesidades impostas pola situación de conflicto. Isto supuxo, entre outras cuestións, unha reorientación das producións nacionais cara á esfera militar xunto ó desenvolvemento da industria de armamento, á vez que se incrementaban os gastos militares nacionais. Cando en 1945 finaliza a guerra e comeza o período posbélico, o orzamento militar non se reduce ós niveis que mantiña nos anos anteriores á guerra, a pesar da nova xerarquía nas necesidades da poboación, senón que se mantén nuns niveis moi elevados. Aínda que este feito pode explicarse por un conxunto heteroxéneo de elementos, dende o noso punto de vista débese na súa maior parte ó desenvolvemento da industria militar á que aludiamos anteriormente, do que se desprende que os países que tomaron parte na II Guerra Mundial son os mesmos que representan o papel protagonista do gasto militar mundial durante as décadas posteriores á finalización do conflicto.

A táboa 1 ilustra claramente o predominio dentro do gasto total, e mantido ó longo dos anos, de países como Estados Unidos, a URSS, Francia ou Gran Bretaña, inmersos todos eles nunha das dúas grandes alianzas militares do momento. Sen embargo, debemos destacar que a medida que avanza o século se comproba un cambio moi significativo no peso relativo dos distintos grupos de países respecto da súa participación no gasto militar mundial. É dicir, vaise reducindo a importancia dos países pertencentes á OTAN e ó Pacto de Varsovia, á vez que se vai incrementando a dos países en vías de desenvolvemento, o que suporá no futuro graves consecuencias para as economías destes últimos.

Táboa 1.- Distribución do gasto militar mundial, 1955-1980 (en porcentaxes)

	<i>1955</i>	<i>1960</i>	<i>1965</i>	<i>1970</i>	<i>1975</i>	<i>1980</i>
OTAN e Pacto de Varsovia	86,9	85,4	80,5	77,4	70,5	68,8
Outros países industrializados (1)	9,8	10,1	13,6	15,4	16,0	15,1
Países en desenvolvemento	3,3	4,5	5,9	7,2	13,5	16,1
<i>Por rexións</i>						
Oriente Medio (2)	0,6	0,9	1,3	2,2	7,3	7,8
Asia Meridional	0,6	0,6	1,1	0,9	0,9	1,1
Extremo Oriente (3)	1,0	1,4	1,4	1,6	1,9	3,6
África (4)	0,1	0,3	0,8	1,2	1,8	1,7
América Latina	1,0	1,3	1,3	1,3	1,6	1,8

(1): Europa (sen OTAN nin Pacto de Varsovia), Australia, China, Israel, Xapón, Nova Celandia e Sudáfrica; (2): Sen Israel; (3): Agás China e Xapón; (4): Sen Sudáfrica.

FONTE: SIPRI (1981):*Yearbook*, pp. 156-169.

Durante a década dos setenta esta actitude dos dous grupos de países non só se prolonga senón que se intensifica, tomando unha forza especial en certas rexións dos países en desenvolvemento. Así, por exemplo, volvendo á táboa 1, vemos que é especialmente significativo o caso de Oriente Medio durante esta etapa (1970-1975), xa que en só cinco anos a súa participación no gasto militar mundial se incrementa en pouco máis dun 5%, o que sen dúbida se pode relacionar coa primeira crise petrolífera de 1973. Esta tendencia alcista é xeral na gran maioría dos países do Terceiro Mundo, áinda que o caso de Oriente Medio é o único no que se alcanzan porcentaxes tan estremecedoras.

Por se isto fora pouco, a década dos 80 estivo enmarcada dentro dunha dura política de bloques que impulsou os gastos militares ofrecendo novas xustificacions para a súa permanencia en niveis demasiado elevados nun casos, e para o seu continuo incremento noutros.

O final da década supuxo unha conmoción para a política internacional que se enfrentaba a cambios de transcendencia histórica como a caída do muro de Berlín en 1989 ou a incipiente metamorfose da Unión Soviética. As tensións nas relacións leste-oeste durante a etapa da guerra fría, que foran no pasado a base ideolóxica para a elevación do gasto militar, xa non eran a principios dos noventa causa para a continuidade deses niveis de gasto. Estas novedosas circunstancias provocaron unha reducción do gasto militar en 1990 respecto de finais dos oitenta pero, a pesar de todo, a magnitud dos aparatos militares continuaba sendo, como mínimo, impresionante. Para ese mesmo ano había 26 millóns de persoas incluídas nas forzas armadas regulares, 51.000 armas nucleares, 66 países implicados no tráfico de armas, 64 gobernos sometidos a control militar e 16 guerras activas (Leger Sivard, 1992).

Na actualidade, a crise económica que padecen os países industrializados aumenta as súas restriccions orzamentarias tanto no plano xeral como nas partidas destinadas a defensa. Os gastos militares sufrieron obrigadas reduccións en moitos destes países, pero non podemos enganarnos pensando que isto representa un cam-

bio de tendencia que apunte cara a unha relativa desmilitarización. Ó noso xuízo só podemos velo como un cambio conxuntural imposto pola evolución económica que, en definitiva, será a que determine no futuro a contía deses gastos.

En síntese, de toda a nosa información podemos resaltar dous puntos clave. En primeiro termo, e omitindo as variacións de carácter conxuntural, o feito certo dunha permanente tendencia alcista dos gastos de defensa a nivel mundial dende hai aproximadamente sete décadas e, en segundo lugar, o significativo incremento da participación dos países en desenvolvemento sobre o total dese gasto. Ó noso entender, a envergadura de ámbolos dous fenómenos é causa máis que suficiente para reflexionar e avalia-las súas consecuencias económicas e abrir novamente o clásico debate entre canóns e manteiga para tratar de obter solucións racionais de cara ó futuro.

OS GASTOS MILITARES EN PAÍSES NON-INDUSTRIALIZADOS

O desenfreando incremento dos gastos militares nos países subdesenvolvidos ou en vías de desenvolvemento durante os últimos anos é unha das grandes cuestións problemáticas do noso tempo pendentes de solución e cunhas ramificacións que teñen cabida no aspecto militar, social, político e económico de moitos países. Se, como dixemos ata agora, definímos-as consecuencias do incremento do gasto en armamento nos países industrializados como un factor obstaculizador do crecemento económico, ó trasladármos a unha perspectiva terceiromundista falamos, cando menos, de consecuencias funestas que minguan pouco a pouco as xa de por si maltratadas condicións de vida da sociedade civil.

Desentraña-los motivos que levan ós países más pobres do planeta a incorporarse a unha desmesurada carreira de armamentos é unha tarefa moi complicada, xa que é por definición un fenómeno contradictorio. O porqué de que países como a India, enfrentados a verdadeiras carencias sanitarias, educativas e alimentarias, invistan excesivas cantidades de diñeiro na ampliación e modernización das súas estructuras militares é algo que trataremos de analizar de seguido nos seus aspectos más xerais, pero antes convén comproba-la distribución do gasto público nalgún destes países (táboa 2). Como xa comentamos, a India é un dos exemplos más rechamantes: a súa distribución do gasto público presenta unha importante inclinación cara á defensa cun 17% do total fronte a educación (2,5%) e sanidade (1,6%). No caso de Exipto ocorre o mesmo; defensa acapara un 11,4% do total do seu gasto público, mentres que educación e saúde só reciben un 8,1% e un 2,4%, respectivamente. Esta esmagante primacía das partidas de defensa é característica en moitos destes países con graves carencias sociais, polo que a explicación deste aparente sen sentido é unha das cuestións clave nos nosos días. Á marxe das particularidades propias de cada país ou de cada zona xeográfica, os argumentos explicativos da expansión do gasto en armamento nos países non-industrializados poden resumirse nos seguintes razoamentos:

Táboa 2.- Gasto público dalgúns países de África e Asia en 1990 (en porcentaxes)

	<i>Defensa</i>	<i>Educación</i>	<i>Saúde</i>
Corea do Sur	25,8	19,6	2,2
Singapur	21,6	18,1	4,7
Tailandia	17,3	20,1	6,8
Indonesia	8,0	8,4	2,6
Xapón	1,0	5,0	4,9
China	6,0	1,4	2,7
India	17,0	2,5	1,6
Paquistán	30,9	2,0	0,7
Marrocos	17,9	17,3	3,4
Exipto	11,4	8,1	2,4
Sudán	13,2	9,8	1,4
Uganda	25,2	14,9	5,1

FONTE: Font, T. (1994): *El negocio de las armas*, pp. 31 e 34. Intermón.

O primeiro deles fai referencia ó desexo de control territorial por parte destes países das zonas más próximas a eles xunto á percepción de potenciais ameazas exteriores, é dicir, ameazan porque se senten ameazados. Na súa traducción económica este mecanismo explícarse utilizando modelos richardsonianos de acción-reacción ou a través da teoría de xogos⁸.

Un segundo argumento é o que se basea na necesidade dun incremento no gasto militar para controla-la inestabilidade interna do país mediante métodos represivos. Existen por desgracia numerosos exemplos de gobernos militares que precisan de importantes exércitos armados para manterse no poder, o que revela a transcendencia do gasto militar na política interna de moitas nacións. Neste punto debemos facer unha breve mención dos ocultos vínculos entre o exército, a administración e a industria de defensa que, en moitas ocasións, poden explicar determinadas conductas gobernativas.

Por último, é obrigado resalta-lo papel dos países industrializados do norte nesa evolución expansiva do gasto militar dos subdesenvolvidos que é, ó noso xuízo, un dos factores más influentes nesa evolución. Esta influencia presenta diversas interpretacións entre as que podemos cita-lo feito paradigmático de que as conductas das zonas desenvolvidas son imitadas nalgúns casos polas áreas non-industrializadas aspirantes ás condicións de vida das primeiras, ou os intereses comerciais das potencias económicas para as que estes países constitúen potenciais mercados dos seus produtos. A saturación dos mercados de armas nos países desenvolvidos soluciónase continuamente recorrendo a novos mercados localizados ó sur, co que a acumulación de capital nos estados ricos vai unida á acumulación de armamento no Terceiro Mundo⁹.

⁸ Un bo manual para comprender a dinámica da teoría de xogos atópase en Varian (1991, pp. 559-572).

⁹ A este respecto é moi significativa a seguinte conclusión recollida nos estudos de Viñas (1985, pp. 219-227): "No podemos dejar el tema de la recuperación del Norte sin llamar la atención sobre un error muy habitual. Uno de los fenómenos más trágicos de los últimos tres años ha sido el crecimiento de los gastos en armamentos. Hay quien opina que esto ayudará al mundo a salir de la recesión. En realidad, el gasto militar es mucho más una parte de los problemas económicos mundiales que la solución a los mismos..." .

Unha das primeiras consecuencias deste fenómeno é o aumento das posibilidades reais de conflicto armado nas zonas máis desfavorecidas economicamente do planeta. Pero aínda que as consecuencias sociopolíticas teñen, sen dúbida, unha importancia nada desprezable, cinguirémonos neste momento ás que son de estrito carácter económico. En primeiro lugar, a importación de material de defensa reduce drasticamente as posibilidades de importación de bens civís tanto productivos como de consumo, ó acaparar unha gran parte das divisas dispoñibles. Deste modo, e dado que considerámo-lo gasto militar como un gasto improductivo, estase limitando o desenvolvemento económico de tódolos importadores de armas sexa cal sexa a súa situación xeográfica ou económica, pero para algúns lugares do cono sur ese distante desenvolvemento marca a diferencia entre a morte e a miseria e unha vida digna. Ademais, a compra de armas no estranxeiro supón agrava-lo problema de moitos países, sobre todo de América latina, atrapados nas redes da débeda externa e cun futuro que depende en gran medida da evolución desta. Calcúlase que arredor dun 25% da débeda externa acumulada polo Terceiro Mundo é causa directa da compra de armamento. Intensifica-lo endebedamento a través da importación de material militar só favorece a perpetuación do subdesenvolvemento.

O gasto militar desencadea tamén outro tipo de procesos non necesariamente ligados á importación de armas como, por exemplo, a acumulación da man de obra máis cualificada no sector militar mentres que as empresas civís, que a diferencia das militares si teñen capacidade para amplia-la base productiva do país, teñen dificultades á hora de atopar persoal especializado tan escaso nos núcleos subdesenvolvidos. Esta transferencia de man de obra está estreitamente ligada ó feito de que nos países subdesenvolvidos con elevados gastos militares o organigrama dos nacentes procesos de industrialización xira arredor das necesidades das industrias de defensa, o que supón unha nova traba para un desenvolvemento equilibrado de tódolos sectores industriais.

Por último, neste rápido percorrido polas consecuencias económicas dos gastos militares nas áreas en desenvolvemento, debemos menciona-lo feito de que o gasto militar, ó non incrementa-la oferta real de bens e servicios do sector civil, favorece as presións inflacionarias nestes países, agravando deste modo os seus problemas económicos. Isto é, a elevación deste tipo de gastos pode levar a que a demanda agregada aumente rapidamente sen que a oferta teña tempo de adaptarse á nova situación. As restriccións de oferta farán que a crecente demanda presione á alza sobre os prezos, provocando procesos inflacionistas nestas economías.

A PRODUCCIÓN DE ARMAS

Hoxe en día falar sobre a produción de armas é falar de crise na maioría das industrias militares mundiais retadas dende hai tempo por graves problemas de saturación de mercados e exceso de capacidade productiva; a solución non se aca-

dará mentres non se afronten serias políticas reais de reestructuración empresarial e se deixe de recorrer ás zonas subdesenvolvidas en busca de novos mercados que absorban o exceso de fabricación.

A produción militar ten, polo simple feito de selo, unhas características moi específicas que a diferencian de calquera outro tipo de produción e que lle confieren determinadas connotacións que van máis alá do estritamente económico. Neste caso, a relación entre os aparatos productivos e a doutrina militar seguida por cada estado determina en gran medida a evolución da industria nacional de defensa, do mesmo modo que a produción a nivel supranacional se ve influída por acontecementos políticos de moi distinta índole. Neste sentido, podemos dicir que a crise actual do sector industrial de defensa vén marcada fundamentalmente por catro acontecementos: a crise económica global nos países occidentais, os cambios na antiga Unión Soviética, a expansión da produción no Terceiro Mundo e o fin da guerra fría entre o bloque do leste e o do oeste.

No tocante á conexión entre a crise económica dos últimos anos e a crise actual da produción militar é obvio que existe unha clara relación entrámbalas dúas no sentido de influxo da primeira sobre a segunda. As restriccións orzamentarias que van unidas a períodos críticos na economía déixanse sentir tamén nos ministerios de defensa que, polo xeral, son clientes básicos para a industria militar tanto cualitativa como cuantitativamente. Así pois, unha reducción do orzamento destinado a defensa tradúcese de modo automático nunha diminución na demanda de produtos militares, que implica á súa vez graves problemas de sobreproducción empresarial tanto individual como colectivamente, pero sobre todo no ámbito da empresa nacional.

Ata agora describimos unha produción cunhas demandas nacionais sometidas a fortes reduccións, que obrigan a buscar solucións no ámbito supranacional. Agoira ben, en canto miramos cara ó mercado internacional topámonos de golpe con outro grupo de problemas que anulan a posibilidade da exportación como saída dos excedentes. Este mercado padeceu durante os últimos anos importantes cambios que poderíamos clasificar en dous grupos: cambios de choque e, no sentido de ser inesperados para a maioría, e cambios xestados ó longo dos anos.

Dentro do primeiro grupo, se cadra o fenómeno máis rechamante sexa a transformación global da ex-Unión Soviética con todo o que iso implica de modificación nas doutrinas militares. A relaxación nas súas pautas de comportamento no eido militar leva consigo a conseguinte reestructuración do conxunto do seu exército, das súas empresas de defensa e das súas relacións comerciais co exterior neste campo.

Por outra parte, deixando a un lado este tipo de cambios más ou menos bruscos que establecen en curto espacio de tempo novas necesidades no mercado, existen esas tendencias que progresivamente e ó longo dos anos van modificando as características do comercio internacional de bens e servicios militares. Nestes enmárcanse feitos como a conclusión do conflicto de bloques, entendido na súa etapa

máis intensa, e a expansión da produción militar nos países do Terceiro Mundo á que xa fixemos referencia. O final da guerra fría supuxo no seu momento unha reducción das demandas militares por parte dos dous bloques implicados e, dada a transcendencia da carreira armamentista durante a década dos oitenta, supuxo tamén o inicio dunha das crises máis graves e más xerais da industria militar.

Respecto do incremento da produción militar nos países en desenvolvemento só apuntarémo-la relación existente entre este aumento e o feito de que sexa o sector de alta tecnoloxía o menos afectado pola situación crítica posto que xa se señalou que, a pesar do incremento de produción, no Terceiro Mundo manteñen un alto e crecente grao de dependencia da tecnoloxía exterior.

Por último, e antes de entrarmos no tema da reconversión que trataremos como o que para nós é a única e inevitable solución a esta crise, debemos considerar aínda que só sexa brevemente as consecuencias dunha situación como esta co obxectivo de obtermos unha maior comprensión do problema a través da súa magnitud. Posto que as implicacións económicas de calquera crise industrial presentan multitudine de ramificacións e matices existentes, tamén no caso do armamento, limitáremos a cita-lo efecto de maior impacto social que é, sen dúbida, a perda de postos de traballo xurdida da necesidade das empresas de atallar eses excesos de capacidade productiva para sobrevivir no mercado. A isto debemos engadir que a fabricación de armas cada vez más sofisticadas require unha man de obra cada vez más reducida e más cualificada co que chegaremos a unha situación na que nos atoparemos fronte a un novo exceso de man de obra que, cando menos, agravará os problemas de eficiencia productiva da industria de defensa.

En definitiva, toda a dinámica xurdida da crise provoca importantes cambios organizativos das empresas que deben afronta-lo seu futuro cun pé posto nas fusións empresariais, capaces de facer fronte ó incremento nos custos de investigación e ás novas circunstancias de produción e comercialización, e o outro posto nos procesos de reconversión. Sen embargo, para nós a única solución duradeira da crise é a reconversión da maior parte destas empresas que, dadas as características do mercado moderno, antes ou despois deberán enfrentarse ós excesos productivos.

A NECESARIA RECONVERSIÓN INDUSTRIAL

Dende un principio defendémo-la tese de que a solución da crise das industrias militares para o longo prazo está unida por definición ó proceso de reconversión industrial. En defecto dunha devastadora terceira guerra mundial ou do rexurdir dunha nova guerra fría que divida o mundo de novo en dous bloques militares, a salvación das industrias de armamento non pode ser outra que a súa transformación en industrias civís.

Para analizarmos este complexo proceso, o primeiro que debemos definir con exactitude é o que entendemos por industria militar e para iso imos clasifica-las empresas en función do seu grao de adaptabilidade a unha suposta produción ci-

vil. Non está de máis sinalar que o fundamento para realizar unha clasificación como a que segue non é outro có debate aberto entre a existencia ou non de converxencia tecnolóxica entre sector civil e militar analizado no apartado dedicado ás implicacións económicas da actividade militar.

En primeiro termo, situamos ese conxunto de empresas de armamento usuarias de equipos productivos extremadamente especializados, que fabrican elementos da más alta tecnoloxía militar e que requieren unha man de obra adecuada a ese grao de especialización. Por propia definición son empresas cunha infraestructura tan preparada para as necesidades do mercado militar que a súa adaptación a novas áreas de actividade sería un proceso enfrentado a obstáculos moi difíciles de salvar.

Un segundo grupo está composto por aquelas que, aínda que desenvolven a súa producción no marco militar, poderían modificar esta situación e obter produtos civís tras un proceso de adaptación das súas estructuras de producción. Este tipo de empresas son as que máis facilmente poderían asimilar un proceso de reconversión, aínda que os seus custos dependerían en todo caso das características concretas de cada empresa.

Por último, podemos incluír aquí todo ese heteroxéneo conxunto empresarial que leva a cabo unha producción mixta ou diversificada na medida en que fabrica tanto para o sector militar como para o civil e no que podemos agrupar empresas téxtils, alimentarias, constructoras, de servicios, etc. A súa situación actual é moito máis vantaxosa cá dos outros dous grupos e, máis ca proceso de reconversión, require unha simple modificación da distribución da súa producción ou o que se deu en chamar proceso de reestructuración. Estes últimos lévanse a cabo modificando o peso relativo da producción destinada a cada un dos sectores que, no noso caso, suporía aumenta-lo peso da producción civil e diminuí-lo da militar.

Dadas as características de cada grupo de empresas, a segunda categoría é a que presenta un maior interese para o noso estudio xa que, en xeral, se trata dunha industria estendida por todo o mundo cunha viabilidade futura que está subordinada á realización dos procesos de reconversión. Este tipo de procesos requieren un desenvolvemento gradual que, neste caso, poderían levarse a cabo en dúas etapas. Unha primeira consistiría en transforma-la empresa militar nunha empresa de producción diversificada que pouco a pouco fora introducíndose no mercado civil cos seus novos productos, pero sen abandonar por completo a súa producción militar; converteríanse deste modo en empresas incluídas no terceiro grupo da clasificación. Na seguinte etapa dariase o paso definitivo cara á unha producción exclusivamente civil abandonando calquera tipo de relación cos mercados militares. Os pasos concretos da transformación non poden xeneralizarse posto que as pautas están marcadas polas características específicas de cada empresa, que deberán ser estudiadas en cada caso. Sen embargo, si podemos destacar unha serie de problemas que debe afrontar un proceso de reconversión e que afectan ó conxunto destas empresas.

En primeiro lugar, atopámonos de novo co problema dun previsible incremento do desemprego derivado dos programas de reconversión que se poñan en práctica. Esta cuestión debe ser considerada dende dous puntos de vista elementais que son as perspectivas micro e macroeconómicas. Na empresa individual, as consecuencias dun proceso deste tipo sobre o volume de emprego local variarán en función de cómo se desenvolve ese proceso e do peso relativo da empresa na economía territorial de que se trate. Por outra parte, no plano macroeconómico un programa de reconversión nacional da industria militar supón un cambio nas decisións político-militares e orzamentarias cunhas repercusións sobre o volume de emprego que deben resolverse mediante a reordenación dos compoñentes da demanda agregada. Para levaren a cabo esta reestructuración os gobernos contan con instrumentos de política económica articulados mediante políticas fiscais (gasto público en bens e servicios e impostos e transferencias) capaces de compensar ou, cando menos, mitigá-los efectos perversos dun proceso de reconversión sobre o mercado de traballo nacional. Por exemplo, a reducción na renda dos traballadores podería compensarse cunha reducción de impostos financiada a través do gasto público liberado da demanda de productos militares, ou ben utilizar ese gasto público en impulsar as axudas para a creación ou expansión de empresas que requiran grandes cantidades de factor traballo. As opcións para materializar esas políticas fiscais son moi numerosas e todas discutibles pero, cando menos, poñen de manifesto a existencia real de mecanismos paliativos do incremento do desemprego a longo prazo.

Un segundo obstáculo ó que deben enfrentarse aquelas empresas de defensa aspirantes a unha reconversión xorde das grandes diferencias que existen entre o funcionamento do sector militar e o civil que, en ocasións, chega a ser totalmente contrario. O paradigma deste antagonismo está na propia base do obxectivo empresarial xa que a empresa civil persegue a minimización de custos para amplia-lo beneficio, mentres que a militar pretende a súa maximización, posto que supostamente a maiores custos máis tecnoloxía incluirá o producto, máis capacidade de destrucción e, polo tanto, maior poder de disuasión fronte ós potenciais adversarios.

Por outra parte, tamén cómpre destaca-lo feito de que as empresas militares desenvolven a súa producción dende posicións oligopolistas non acostumadas á agresiva competitividade imposta nos mercados civís¹⁰. A súa conversión impoñerá un axuste de elementos e técnicas productivas para aadecuarse ó seu novo mercado cuns custos de difícil cuantificación.

Por último, neste sumarial repaso dos problemas más importantes inherentes ós programas de reconversión das industrias militares, debemos buscar solucións para algo tan básico e ineludible como é o problema do seu financiamento. Xa aludimos á posibilidade de utilizar o gasto público liberado pola reducción das de-

¹⁰ Un referente interesante para comprender mellor a posición das industrias militares no mercado atópase en Palazuelos (1990, pp. 39-71).

mandas militares nacionais para amortecer-los efectos negativos que previsiblemente terá calquera iniciativa de reconversión. En realidade, tódalas opcións de financiamento están sustentadas por esta idea que non é outra cá dunha redistribución do gasto público. Sen embargo, se analizamos con detención a situación da empresa en vías de reconversión non podemos negar que, nun principio, cando esa industria acostumada a elevadísimos niveis de protección sexa lanzada a un mercado aberto e extremadamente competitivo, serían necesarias subvencións estatais que permitan a supervivencia desa empresa no inicio da súa nova etapa productiva. Os investimentos posteriores serían xa resultado da redistribución de gasto público antes mencionada. Unha vez que se restableza o normal funcionamento empresarial, o propio mercado determinará a evolución da producción e a viabilidade de cada empresa.

Os detractores dos procesos de reconversión da industria militar deberán considerar, ademais do dito ata agora, a situación de crise actual xeneralizada e face-la comparación entre as perdas que veñen soportando estas empresas e o custo público que suporía subvencionárlas na súa etapa de transición. A reconversión abriría a porta a posibles beneficios futuros que serán inalcanzables se se manteñen inalteradas as condicións de producción actuais.

Como punto final podemos dicir que a industria militar moderna se atopa actualmente nun cruzamento de camiños no que as opcións posibles son, por un lado, perpetua-la situación de perdas empresariais ata que a situación sexa insostenible e, por outro, afrontar hoxe as consecuencias dos programas de reconversión para que no futuro a empresa sexa capaz de manterse no mercado. No ámbito estatal, ningún goberno occidental demostrou te-la suficiente responsabilidade política como para afronta-los custos electorais que previsiblemente suporía a adopción de medidas de conversión planificada no sector de defensa. Ó noso xuízo, a transformación destas empresas é inevitable no tempo e tanto máis se tarde en inicia-lo proceso de cambio máis difícil será levalo á práctica con éxito.

BIBLIOGRAFÍA

- ADAMS, G. (1976): *The B-1 Bomber, an Analysis of its Strategic Utility, Cost, Constituency and Economic Impact*. Report of the Concil on Economic Priorities.
- AGUIRRE, M.; ALONSO, A. (1992): "Nuevos y antiguos conflictos", *Papeles para la Paz*, núm. 44. Barcelona: CIP-ICARIA.
- AGUIRRE, M.; MALGESINI, G. (1991): *Misiles o microchips. La conversión de la industria militar en civil*. Barcelona: ICARIA.
- BENOIT, E. (1978): "Growth and Defense in Developing Countries", *Economic Development and Cultural Change*, (xaneiro).
- DUBOIS, A. (1991): "¿Nuevo orden económico?", *Papeles para la Paz*, núm. 42. Barcelona: CIP-ICARIA.
- FISAS ARMENGOL, V. (1987): *Introducción al estudio de la paz y de los conflictos*. Barcelona: Lerna.

- FISAS ARMENGOL, V. (1991): "Los mundos de las postguerras", *Papeles para la Paz*, núm. 43. Barcelona: CIP-ICARIA.
- FISAS ARMENGOL, V. (1995): *Secretos que matan*. Barcelona: ICARIA.
- FONT, T. (1994): *El negocio de las armas*. Barcelona: Intermón.
- KALDOR, M. (1986): *El arsenal barroco*, p. 23. Madrid: Siglo XXI.
- LEGER SIVARD, R. (1992): *El planeta en la encrucijada*. Barcelona: CIP-ICARIA.
- "Nacionalismo, migración y medio ambiente", *Anuario CIP*, 1992-1993. Barcelona: ICA-RIA.
- PALAZUELOS, E. (1990): "El referente militar y las causas del allanamiento" en "La quiebra del aparato productivo (I): La base tecnológico-energética y la organización del trabajo" en *Dinámica capitalista y crisis actual*, pp. 39-71. Madrid: Akal.
- "Paz, militarización y conflictos", *Anuario CIP*, 1991-1992. Barcelona: ICARIA.
- PIRGIM (1974): *The Empty Park Barrel*. Lansing.
- SAMUELSON, P. (1990a): "La función económica del Estado: El gasto público y los impuestos", *Economía*, pp. 904-932. Madrid: McGraw-Hill.
- SAMUELSON, P. (1990b): "El crecimiento económico: La teoría y la evidencia", *Economía*, pp. 987-1.009. Madrid: McGraw-Hill.
- SIPRI (1990): "Armamentos y desarme mundial", *Papeles para la Paz*, núm. 39-40. Barcelona: CIP-ICARIA.
- VARIAN, H.R. (1991): *La teoría de los juegos*, pp. 559-573. Barcelona: Antoni Bosch.
- VIÑAS, A. (1985a): "Principales interacciones del gasto militar y el subdesarrollo", *Comercio Exterior*, vol. 35, núm. 3, pp. 219-227. México.
- VIÑAS, A. (1985b): *Ensayos sobre las dimensiones económicas del gasto militar*. Barcelona: Fontamara.
- WASSILY, L.; FAYE, D. (1986): *El gasto militar*. Madrid: Alianza.
- WHYNES, D.K. (1979): *The Economics of Third World Military Expenditure*. Londres: MacMillan Press.